

# Homenaxe aos 80

## Sensibilidade e rigor

ROMÁN RAÑA

Inaugura Xavier Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945) con *Bos tempos para a lírica* a colección de Ensaio de Espiral Maior. É faino cun libro que é, ao mesmo tempo, unha declarada homenaxe a todos os poetas que conviviron con el nos remotos 80. De feito, o subtítulo reza precisamente así: a xeración poética dos oitenta. Conto, contrariamente ao que poderíamos esperar, non estamos ante un estudo minucioso ou académico de dita xeración, mais un paseo cordial, afectivo, de enorme sensibilidade e cariño polos autores que participaron nesta eclosión poética e unha serie de matizacións que, acerca dela, vai perfilando con fascinante paixón.

O lugar común afirma, como aquí se insiste, que *Con pólvora de magnolias* (1976) marcou a este grupo. Porén, tamén se nos aclara, con total xustiza, que *Herba aquí ou acolá* de Álvaro Cunqueiro significou un excepcional revulsivo no corazón e na mente de todos os escritores aquí examinados. En todos eles aniña, oculta ou evidente, a pegada cunqueiriá. Tamén na ansia de escapar a lugares recónditos, a sitios onde a alma se enche de ledicia e se completa.

Alén disto, o tomo divídese en dúas partes. A primeira, que contén oito epígrafes, examina os trazos xerais que enmarcaron o nacemento desta xeración. No primeiro salientase a súa acentuada variedade estilística e temática. O segun-

do aborda a cuestión do neorromantismo e do culturalismo co que algúns tacharon a nova corrente poética. O terceiro analiza a renovación da linguaxe como eixo aglutinador de todas liñas e tendencias que naquela altura coexistiron. No cuarto examínase a suposta división entre Vigo e Coruña

como dúas cidades que determinaron o corpus poético dos seus respectivos literatos. Fálase despois de poetas á marxe de grupos e cenáculos. No sexto pesquísase o paulatino abandono do culturalismo e, no sétimo, interralaciónanse os vasos comunicantes no quefacer artístico do país.

A segunda parte do libro céntrase en once poetas: Xavier Seoane, Ramiro Fonte, Pepe Cáccamo, Manuel Forcadela, Fernán Vello, Pilar Pallarés, Manuel Vilanova, Xulio Valcárcel, Ana Romaní e Fermín Bouza. A cada un asígnaselle un trazo, invéstase no fondo do lirismo e da linguaxe até atopar o núcleo duro da súa personalidade creativa. Sempre con sensibilidade e rigor, con valiosas achegas. O volume só ten unha eiva: o noso poeta omítese a si propio e non analiza a extraordinaria importancia que, en todos os autores, tivo a lectura de *Anos de viaxe* (1987) ou *Beira norte* (1997), libros esenciais na lírica galega do século XX.

BAIXERAS, Xavier R., *Bos tempos para a lírica*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2009, PVP.12 €

